

Núm. 45

15-9-27

# nós

CASTELLÀ



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fara da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

Tefío..., por FERMIN BOUZA BREY.

Os Mouros Encantados, por VICENTE RISCO.

Problemas de Xeografía Galega, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Dicente Risco

Hbogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Setembro 1927



Núm. 45

## T E Ñ O . . .

*Esta estrela non se dont vinet  
quin la trae o quin la tine...  
(Auto de los Reyes Magos.)*

Teño unha estrela noviña e campal  
que sabe leer, escrebir e contar;  
limpa a miña constelazón  
e léixaa enxebre como o seu corazón;  
barre o sarego do meu luar  
e fica albariño como o seu ollar;  
beila no turreiro sen lecer  
e tórnao ledo como un axouixer.

Ten os ollos derramados  
por mollar os meus sonos verdegados.

Lávase na amafieida  
no rego da miña vida;  
peitéase na alborada  
na frol da miña auga crara,

Inzame o ceo interior  
de luz solene e mol,  
e cóntame historias futuras  
xa vellas nas miñas infindas lembranzas:  
por Ela sei das xornadas heroicas e duras  
que agardan a Xacobuslandia!

Teño de noiva unha estrela cordial.  
Ay!, quéñ como vós, luceiros, soupeste leer e medir e contar!

F. BOUZA BREY.

## DA MITOLOXÍA POPULAR GALEGA

## OS MOUROS ENCANTADOS

*Os mouros encantados e os mouros históricos*

O pirmeiro qu'un ouserva nas leendas d'iste ciclo galego é o descoñecimento que revelan da vida, dos costumes, da relixión d'aquiles antigos invasores. Os caraúteres dos nosos mouros encantados son coma viemos, tan desemellantes dos que distinguen ós mouros históricos, qu'a sua identificación non é posibele. Non poderemos siñalar antr'os ús e os outros, mais qu'os seguintes puntos de contaúto:

- 1.<sup>o</sup> O nome que levan.
- 2.<sup>o</sup> O non seren cristiaos.
- 3.<sup>o</sup> O seren os da nosa leenda por vega-das, non sempre, negros ou escuros da coor.
- 4.<sup>o</sup> O feito de qu'os mouros de Marrocos falen dos d'eiquí ós nosos peisanos.

Ainda d'estes catro caraúteres, compre tirar fora o segundo, pois o feito meramente negativo de non ser cristiaos, non abonda pr'os afiliar á mourindá, másime tendo en conta que si non houbo na Galiza unha poboazón musulmana d'asento, houbo en troques poboazós pagáas, e ainda o paganismo debeu durar ben tempo despois da pradicação evanxélica, sen contar o que d'il chegou ós nosos días.

E os outros tres non proban mais qu'a influenza que no mito dos mouros encantados tiveron a lembranza dos mouros auténticos, con quen combateron os galegos d'a Edade Meia, ou cecais con meirande probabilidade, a da sua habitación n-outras terras da Península. Efeitivamente; o terceiro caraute, o de seren negros ou escuros da coor — que non de cote se dá — crar'está que non é un caraute verdadeiro coma constante nos mouros históricos anque responde á ideia qu'a

xente adoita ter d'iles; mais por si soilo non abonda pr'os caraúterizar coma taes mouros se non houbera os outros, e ainda poidera vir d'outra orixe. Fican en pé o nome e a relación cos mouros de hoxe. Estamos seguros, e mais adiante hase ver por qué, de qu'o nome de *mouros* debéuselles apricar no comenza coma sinónimo *d'infieis*, coma sen dúbida pirmeiro se lles daria o de *pagaos* ou *xentis*, e de que foi o nome o que logo debeu infriuir na identificación que mais tarde levou a discurril-o derradeiro caraute. Así, pois, o pirmeiro (nome de *mouros*) non debeu ser orixinariamente mais que o segundo (*non seren cristiaos*) expresado n-outra forma.

Na identificación dos encantados cos mouros debeu infriuir, coma dixemos, a lembranza da habitación dos derradeiros n-outras terras da Península, a qual foi traguida eiquí, se cadra, xa antigamente, pode que por mozárabes refuxados, ou por galegos que viñan d'affora. Leendas de mouros encantados andan por toda a Península; hainas en todo Portugal; hainas referentes ós Castros da provincia de Zamora que recolleu o Sr. Gómez Moreno, e que teñen, com'as anteriores, algúnhia semellanza co-as nosas; eu mesmo tiven coñecencia direita d'outras da de Salamanca.

Non colle dúbida de que podeu haber esta emigración das leendas, e de qu'elo contribuíu á formanza do noso *mito*; mais tamén é seguro que é ben pouco o qu'esta aportación nos trouxo; os elementos que fornecen son ben escasos.

Asina, os mouros aparécennos nas leendas galegas mais desfigurados ainda que nas leendas e na épica europea da Edade Meia e do Renacemento. E si é certo qu'algún

d'iles chámase *Zás*, tamén o é qu'os outros poderíanse chamar *Fierabrdz* ou *Aygolando*, *Morgante* ou *Ruggiero*, com'en Turpin, en Boyardo ou en Ariosto. É que son outros persoaxes compretamente diferentes, que tomaron adventiciamente o nome de mouros, a pesares do qual, siguen cómendo porco e faguendo outras cousas non moi propias dos seitarios do Islam.

Non hai, pois, pra qué botar mau da historia pr'a interpretación d'estas leendas. Non compre discutir contra Cotarelo sobre do lindeiro setentrional da conquista arábiga, coma fixo — anque non co-iste motivo — Amor Meilán, nin traguer a colación a Mahumd e o Castro de Santa Cristiña do Viso, nin as toponimias galegas referentes ós mouros. Sería aparato de mais pr'espriçar somentes *un nome* apricado a unha caste de persoaxes que non teñen outra causa de común cos qu'ise nome levan xuntamente. E tocantes ás toponimias, ainda mais: total-as *Fontes do Mouro* ou *da Moura*, *Covas, Portos, Penedos, Montes, etc. da Moura, do Mouro ou dos Mouros* que se poden contar por centos, e ben, con seguranza que non tran o seu nome dos mouros verdadeiros, senón dos mouros encantados, moito mais presentes qu'os outros na memoria popular, o qual é un feito d'ouservación que pode comprobar calquera, aparte de terse descoberto con toda sorte de verificacíos e con valor universal, qu'a memoria popular conserva sempre os feitos míticos, naméntras esquece os históricos.

Calcúlase qu'a lembranza d'un feito histórico, cando a escritura non-o fixou, non dura arriba de cento cincoenta ou douscientos anos. Certo qu'o feito da ocupación da Hespaña polos mouros é un feito xeral dos que mais se conservan, e qu'ademas está posto por escrito, podendo chegar a notiza ós peisanos por tres camiños: a) pol-a escola; b) pol-o sermón; c) polos boletis. O qual tamén hai que convir en qu'algunha influencia ten, posto que mais d'unha vegada temos atopado o qu'un psicólogo chamaria *lembranzas d'erudición* entretedidas nas leendas dos mouros. Mais, primeiramente, istos son de cote elementos visiblemente adventicios, e que ren teñen que ver co-as leendas; son o

mais adoito, adubios qu'o narrador circunstancial ll'engade no istante. Segundamente, s'elo tivera influencia na formanza das leendas, habería que rebaixal-a data d'elas moi-to, e tirarles pol-o tanto todo fundamento de tradición histórica sobr'os mouros. Terceiramente, non terían feito mais que a identificación dos habitadores dos castros, mámoas, penedos e fontes, cos mouros, e non outra cousa.

O que fixeron, s'algo fixeron, esas fontes eruditas, foi contribuir a conserval-a lembranza dos mouros e pol-o tanto a que se non esquecera a identificación, à que, pr'algúns, pode dar algunha base histórica, anque falsa, dada a xeneralidade con que os manuás escolares e as fontes de meia cultura falan da *dominación árabe*.

Mais aindalle temos qu'opor doux feitos: 1.º En moitos casos, a pesares da tradición escrita a identificación, ou non chegou a realizárese, e os habitadores míticos d'ises lugares siguen sendo o que poidera ser que foran na orixe: *enanos, xigantes, nenos con barbas, señores, donas, doncelas, etc.* — ou esquecense, e os moimentos apóñenselle ós *franceses* ou ós *calristas*. 2.º Por qué razón as fontes eruditas fixeron que se conservara a lembranza dos mouros, e non a dos *romanos*? Poño os romanos, porque d'istes fálase nos manuás tanto como dos mouros, e mais seguramente nos sermós, xa que teñen relación coas orixes do Cristianismo, e hai mais ocasión de falar d'iles ó pintar o estado do mundo antigo cando viu Noso Señor, ou ó falar dos infindos mártires das suas persecucíos.

E veleiqui que si non hai na nosa Terra ningún siñal do paso dos mouros, hai ben d'iles do paso dos romanos, coma qu'ainda anda a xente polos camiños e pontes qu'iles fixeron, e ainda as suas columnas miliarios sosteñen o esquinal d'algunha solaina, e as suas lápidas a mesa d'algún altar. Ren d'iso lles valeu, nin ainda axudados pol-a erudición, que lles ten tanta preferenza, pra perduraren na lembranza dos nosos peisanos.

E por fin, en todo caso. o buscarles unha base histórica ós mouros encantados, nonos leva a ningures; por que deixa sen espriçar o mais dino de ser esculcado: o que hai de

verdadeiramente mítico. Ainda o que teñen de mouros, haino que buscar no campo da leenda.

*Os mouros encantados e os mouros da épica castelán*

Os mouros da épica castelán arrédanse tan pouco nos seus carauteres dos mouros históricos, qu'ainda ademitindo unha influencia fonda d'aquela épica no noso pobo, quedariamos igual que no caso da tradición histórica. Espicaríamol-a identificación d'ises persoaxes míticos cos mouros e o nome que levan, e se cadra, se non houbera meios moito mais doados pr'espicalo, tamén nos apricarían as artes máxicas que se ll'oponían ós mouros encantados.

Pol-o pronto, temos qu'a épica castelán (*Cantares de xesta, Romanceiro*) refirese principalmente a loitas cos mouros. As leendas galegas raramente refiren loitas d'esta clás; somentes as recollidas nos nobiliarios, moitas d'elas de formanza erudita, e pertencentes craramente a outro ciclo compretemente diverso do dos mouros encantados, sen qu'esto queira dicir que non houbera certa contamifación antr'os dous. Ainda mais: nas leendas que temos recollido do pobo, hai algunas de loitas cos mouros, que non podemos incluir antr'as dos encantados; pois ben, n-esas leendas, vemos loitar cos mouros, non ós héroes das *xestas* castelás, senón ós *Doce Pares de Francia* (donzelas perseguidas por *San Roldán* e trocadas por iste en seixos brancos, en Valdeorras).

E cand'algunha relación teñen estas leendas de feito heroico co-as dos mouros encantados, ou teñen orixe *haxiográfico* (Castro de San Facundo, ond'iste e San Primitivo combateron cos mouros), ou son os *mouros que loitan os ús cos outros* (Xuranzás, Croas de San Martiño de Mondoñedo e Montecizal, Carballoso e Castro d'Ouro, citados por Amor Meilán).

Na épica castelán, o mouro é sempre o nemigo asaifiado e secular. Non hai tal cousa nas leendas galegas de mouros encantados. Quitando os casos d'antropofaxia (*Aquí me huele a carne de cristianillo vivo*) nos demás, si ben os mouros encantados castigan

sen remisión a quén lles falla á palabra ou a quen os descobre, no demais lévanse ben co-a xente, e ainda moitas vegadas fan favores e protexen ós inocentes. Mais ben son amigos que nemigos. Mais ben son seres superiores, xustizeiros e que premian os servizos ás maucheadas. Cando foron asina, os mouros das xestas e do romanceiro?

Mais, en resumo, qué sabemos — fora da xente erudita, e ainda n-esta, da mais moderna — da influencia da épica castelán en Galiza? A historia da literatura galega o que nos amostra é unha grande influencia eiquí da literatura francesa e provenzal. No século XIV, tempo das traducións, intresa en Galiza a épica francesa, os ciclos de Calromagno e d'Artus (coñecido iste principalmente en fontes francesas); consideran dinos de seren vertidos ó galego, o *Turpin*, a *Estoria Troyá*, a *Demandado San Graal*, o *Lançarote do Lago*. En troques, do castelán tradúcen testos legales; o *Fuero Juzgo*, as *Sete Partidas*; ren do Cid, nin de Fernán González, nin dos Sete Infantes de Lara, nin do rei Don Rodrigo; nin de Fernando del Carpio. O xenio da raza se non avifa co-a epopeia histórica e sinxelamente guerreira do ciclo hespañol, e base cos libros de xeito idealista mais ergueito e superior, por riba das simples fazañas, nado ademais en homes do mesmo sangue e da mesma y-alma. E asina atopamos qu'ainda hoxe leen eiquí os peisanos con deleite e con fé a historia dos *Doce Pares de Francia*.

Igual sorte cabeulle ó romanceiro. Fora dos romances puramente galegos, todos iles de caraute relixoso, cabaleiresco ou lexendario, hai os que se deprenden e repiten en castelán. N-istes, cando non son versiós castelás d'outros galegos perdidos ou non perdidos (*Xerineldo*), son do mesmo xeito qu'os galegos, e dan direito a supor que de non teren eiquí o seu prototipo feito, a *materia* pol-o menos d'istes romances, foi d'eiquí pr'alá, e non veu d'allá pr'eiquí.

Com'as leendas de mouros encantados qu'andan por aquellas terras, é de supor que pol-o menos d'eiquí colleron moitos elementos.

En todo caso, non hai modo de supor qu'os nosos mouros encantados sexan os mouros da épica castelán.

*Os mouros encantados e os mouros  
da épica europeia*

Xa mais enriba notamos unha grande semellanza antr'os nosos mouros encantados e os da épica europeia (*Carolinixia* e a que d'ela derivou): o pouco que se parecen os mouros auténticos. E fixemos notar ainda a persistenza en Galiza dos Doce Pares de Francia, e a eisistencia de leendas en qu'iles loitan eiquí cos mouros. Joseph Bedier demostrou a infuencia decisiva qu'as pelegrinacíos a Sant'Iago tiveron na formanza das leendas épicas francesas. Ambrosio de Morales pasmouse de qu'o cabidoo compostelán tivera todolos anos solemes funerás por Calromagno. Non hai dúbida ningunha de qu'as leendas francesas, parte das cuales forxouse tamén eiquí (aparecimentos do Apóstolo, visión do Camiño d'Estrelas por Calromagno, Lucerna en Valverde, etc.), tiveron na Galiza unha infuencia fonda e demorada. Nestas condicíos compre admitir por forza que tiveron que contribuir á formanza das dos mouros encantados.

Mais ainda agora, os nosos mouros encantados tampouco son mais qu'en moi pouca parte, os mouros da épica francesa. Iste, coma no castelán, son os nemigos con que se pelexa, a quem se mata sen piedade: son os descreídos, os nemigos do Santo Apóstolo e do Imperador que é seu paadín e cabaleiro. Por iso, iles aparecen, loitando con Roldán e cos outros Pares, en leendas que non pertenecen ó ciclo dos encantados, embora, com'enzantes dixemos, poida haber contamíñación antr'os dous ciclos.

Compre, así e todo, siñalarmos un punto de contacto concreto, importante, e fundado en documentos:

Na *Crónica do Arcebispo Turpin*, hai un capítulo, o IV, tidoado no testo latino *De ydalo mahumeh*, qu'imos reproducir eiquí ata e coma s'atopa na tradución galega do século XIV:

*\*Do ydalo de Mafomete\**

«Poys que Calrros maldiso estas tres ciudades, quantos ydolos y achou e en España, todo los destroyo e birtou salvo o ydalo que he en terra de Alandusie que chaman

Sala Cadix, et Cadix quer dizer en lingoajen abrayquo Deus; et dizem os mouros que este ydalo fez ali Mafomete a quem eles sirven, seendo vino en seu nome por encantamento; et meten en el hun-a ligion de demoes que o teen sotilmente e tan rezeo que nunca o ninhunn o pode birtar. Et quando chega alguun mouro y, para facer oraçon ou pedir mercee a Mafomete; et quando chega algunn cristiano, vayse enfermo. Et se algun-a ave pouxa en el, morre logo; et aquel ydalo esta en na ribeira do mar en un penedo antigo, sobre la terra moy ben laurado de hun-a obra moy nobre aa mourisca; et en fondo he moito ancho e cadrado, et ençima estreyto; et he tan alto quanto pode voar un coruo; et sobre el está en pee feita hun-a ymagine de metal en gisa d'home, et ten o rostro contra o medeo dia, et en na mao destra ten hun-a moy grande chau que lle caerá segundo dizen os mouros, quando nacer en França huun rei que meterá toda España a creencia de Deus, et quando eles virem caer a chau ascondense am so a terra quanto aver ouveren e fugiram.»

Eiquí temos, pois, no século XII, época da redaución latina da *Crónica de Turpin*, a ideia dos tesouros acochados polos mouros baixo da terra, nos castros, nas mámoas, nas ruiñas, nos penedos e nas fontes, os tesouros qu'outro apócrifo, o *Libro de S. Cipriano*, diz estar relacionados nun pergaminho atopado nos alicerces do castelo mourisco de D. Gutierre de Altamira, no ano de 1065, época en que D. Fernando o Grande, rei de León, entregou os dominios da Galiza ó seu fillo García, pergaminho qu'asegún o dito apócrifo s'atopa en Barcelona.

N'unha edición moderna portuguesa do mencionado *Ciprianillo* trai a esprición seguinte:

«Todos os thesouros e encantamentos do antigo reino da Galliza acham-se depositados pelos Mouros e Romanos em esconderijos subterraneos. A maior parte d'elles, segundo declara o pergaminho, ficam a pequena distancia das nascentes de agua, que conservam a sua fluencia mesmo durante os calores mais rigurosos.»

«Esta prevenção de Mouros e Romanos, dá a entender que sendo expulsos d'aquellos

territorios depois de guerras porfiadas, levaban a esperanza de voltar a estabelecer-se ali mais tarde, e por isso foi que deixaram parte dos seus haberes escondidos, temendo que lhes fossem saqueados pelas legiões invasoras.\*

O *Ciprianillo*, pois amostranos desenvolto no século XVI, o mito dos tesouros da Galiza, procedentes dos mouros, ideia que logo nos amostrará producindo os seus efeitos o sonado proceso promovido pol-o Licenciado Vázquez de Orxas. O qual todo lévanos a sospeitar a existencia d'unha tradición que ven xa pol-o menos dend'o século XII, ben atestada. E' un dos elementos somentes do mito dos mouros, mais é un dos mais importantes.

Tivo iste ciclo de leendas un proto-tipo que se perdeu? Un indicio pode haber d'esto, se candra, no *Parzival* de Wolfram von Eschenbach, que igual qu'a *Crónica de Turpín*, semella ser unha das leendas que nasceron nos santuarios que había ó longo do *Camiño Francés* das pelegrinacións a Compostela, tendo sido con moita probabilidade o que lle deu nacencia o do monte Cebreiro, onde houbo mosteiro e hostal de pelegrinos, e onde quedou coma lembranza, a historia do Santo Miragre, cousas todas qu'estudou por miudo Anxel del Castillo, o que nos dispensa de volver falar d'elas. Pois ben, no *Parzival*, Klingsor é un mouro que vive nun castelo encantado, poseendo grandes tesouros e poderes máxicos, perto da Hespaña musulmana.

Non podemos hoxe ainda adiantar mais niste camiño, o qual porén fica aberto pra novos inqueritos. Mais pol-o pronto temos atopado algunas coincidencias dinas de nota antr'os nosos mouros encantados e os mouros das leendas épicas europeias, sen que emporiso estabrezamol-a identidade nin moiito menos.

#### *Os mouros encantados e os nosos mitos pre-cristianos*

Foi Murguía quien indicou a ideia de qu'os nosos mouros foran en realidade seres mitolóxicos desfigurados: «Significando en galego *mouro* non somentes o mouro, senón o que

#### NÓS

ten coor pardo escuro, confundironos con outros xenios cuio caraute demoniaco é patente, mais que non din o que houberan podido ser.» E non hai dúbida que com'outras vegadas, Murguía deu no fito, pol-o menos en parte. Os mouros encantados da nosa Terra, que pouco mais teñen de mouros qu'o nome, viñéronse pór no canto d'outros persoaxes moiito mais antigos. E' a úneca espración doada que se lle pode dar ó mito. Ora, os persoaxes a quen viñeron sustituir, eran persoaxes míticos?

Non coñecemos dos nosos mitos precisamente mais qu'as sobrevivenzas que chegaron a nós, e que comparadas c'as d'outros pobos en especial dos da mesma orixe, pódennos dar luces. D'estas sobrevivenzas hai d'abondo: as *donas*, o *trasno*, o *tardo*, o *urco*, os *legramantes*, os *nubeiros*, etc., e pra todos hai paralelos. Nos mesmos sitios onde viven os mouros, temos dito que viven outras vegadas *donas*, *enanos*, *xigantes*, *nenos con barbas*, *señores*. Os mouros poden pertencer a esta caste de seres.

Por outra banda, a creenza n-estas poboadas míticas habitadoras dos moimentos prehistóricos, dos penedos, das fontes, etc. é cousa que s'atopa en todos lados, e adoito en relación cos tesouros. Salomón Reinach ocupouse das tradicións referentes a tesouros e entidades míticas que viven nos moimentos prehistóricos. En Suiza, nas pedras con coviñas, andan as fadas. Leite de Vasconcellos cita antr'outros un Penedo das Bruxas (*Hexenstein*) perto de Schalberg; un Penedo de Balder en Scandinavia, e varios *Elfstenaz* ou *Elfsquarnar*, penedos ou muíños dos *elfos*, que viven baixo d'iles. Efectivamente, sempre se figurou os elfos vivendo nas covas e soterraños. Os gnomos e kobolds andan debaixo da terra, en relación co-as minas e cos tesouros. E eiquí debemos lembrar os paralelos xa apuntados na primeira parte d'iste traballo.

Na Francia, os dolmens levan tamén nomes sinificativos: *four des géants*, *maison des fées*, *maison du diable*, com'indica Reinach.

Na Bretaña, os *korrigan* atópanse nas fontes, sobre todo nas veciñas dos dolmens, e os enanos gardan tesouros nas pedras, e iles

foron os qu'escribiron as pedras escritas, e com'as fadas, viven nos dolmens, que levan o nome de *ti-ar-korrigan* —casa das fadas.

Non hai dúbida, pois, qu'os nosos mouros encantados son unha d'esas razas míticas, qu'outrora levou outro nome, e que foi identificada c'unha poboazón histórica, senon da Galiza, das terras circundantes. Iste é o pensar tamén de Leite de Vasconcelos. E pol-o tanto podémolos clasificar provisoriamente cos elfos e cos korrigan.

Mais entendámornos: os elfos e os korrigan non son —ainda na vaguedade e na indistinción con qu'o pensamento popular procede nestas cousas— o que propriamente poidamos chamar *xenios ou espíritos* —ainda que se poidan identificar cos *elementais* de Teofrasto Paracelso— senon unha suposta raza d'homes pequenos, qu'a leenda presenta deformes, armados con dardos de pedra e dotados de poderes máxicos. Por varios detalles semellan por vegadas unha raza degenerada: a sua pequena talla, a sua fealdade, o querer levar rapaces novos pra os cruzaren cuas suas femias, ou roubaren nenos trocándoos polos seus fillos aparvados —cousas estas derradeiras qu'atopamos nos elfos alemás e escandinavos, nos korrigan bretós, e logo nos *xans* d'Asturias— co que semella querer rexeneral-a raza.

Xa Walter Scott supuxera qu'elas razas míticas representaban os habitadores prehistóricos do país, e dos elfos escandinavos pensouse tamén seren unha raza primitiva relacionada cos lapóns, e á qu'a leenda deu poder sobrenatural, cecais polas virtudes máxicas que apuñoul ós lapóns.

Compre pol-o tanto desbotal-o caraute demoniaco que lles deu Murguía, cecais fundado somentes na coor escura, que xa temos dito que non é constante, namentres qu'as consideraciós que levamos feito n'iste apartado nos levan a entrarnos no seguinte.

#### *Os mouros encantados e as poboazóns prehistóricas*

Martins Sarmento, incansábele esprorador das antigüidades e tradiciós da parte de Guimaraes, observou que moitas vegadas a xenet apuña a construcción dos Castros á xente

de Napoleón. N'unha carta a Leite de Vasconcelos, fala das citanias e di que pirmeiro chamáronlle sitios de *pagaos* e despois da invasión árabe, de *mouros* e que mais tarde, e a consecuencia da invasión francesa, tamén lles chaman de *franceses*. O mesmo di n'un artigo publicado no *Pantheon* do Porto.

Ora, o mesmo feito foi observado elquí com'atestan Cuevillas e Bouza Brey no seu estudo en col do Neixón, Din eli: «...nós pola nosa parte, poímos facel-a comprobanza do dito pol-o sabio portugués ó escoitar qu'a Rodela de Framontaos (Merca, Celanova) e as mámoas do Monte das Motas (Lobeira, Bande), foran obra de *franceses* e ó saber, ainda con meirande admiración qu'os atenos do Outeiro de Fontefría (Merca, Celanova) foran erguidos polos *carlistas*.»

E o feito non é estrano: na Alemaña acontez o mesmo; o pobo atribúe ós franceses de Napoleón costruccións, ruiñas, ósos, armas. É un feito que responde ó que deixamos dito en col do esquecemento dos feitos históricos. Iste esquecemento produz duas sortes de fenómenos inversas: 1.º O *envellecimento* dos feitos (a *arqueosia*, de Benigni): en Saboya apoñen ós mouros a ruiña d'aldeias que foron desfeitas tres ou catro séculos despois. 2.º O *rexuvenecimento* dos feitos: en Hesse, vilas que foron destruídas nos séculos XIV e XV, din que o foron na Guerra dos Trinta Anos; en Westfalia din qu'os suecos luteranos foron combatidos por Calromagno c'un cañón de ferro. A atribución dos nosos momentos pre-históricos (castros, mámoas, etc.) ós mouros, ós franceses, ós calristas, son fenómenos de progresivo rexuvenecimento.

Hai un terceiro fenómeno, que Raul Rosières chama *ley das trasposiciós*: esquecido un héroe, a sua leenda apónselle a outro héroe mais sonado. Sebillot cita o caso concreto da leenda d'un rei que se perdeu indo de caza, e atopou un seu vasalo que lle deu de xantar sen o coñecer, a qual contouse na Antigüidade d'Antioco, e traguida a Occidente, atribuiuse na Ingraterra pirmeiro a Godofredo Plantagenet, e despois ó seu fillo Enrique II; logo pasou a Francia, e contouse de Francisco I e despois d'Enrique IV. E iste fenómeno é o que aconteceu no caso dos nosos mouros.

No traballo dito de Cuevillas e Bouza Brey, di: «É conveniente advertir en primeiro lugar que pr'o noso pobo a mourindade non é soilo o Islam, senón todo aquello que non e cristiandade. A un home que dend'as Filipinas brincara pr'o Xapón, ouvimoslle dicir que tiña andado por terras lonxanas de moita mourindade. Pra iste home coma pr'a mor parte dos galegos iletrados, ser mouro é sinxelamente non ser cristián, e niste senso, aquela verba pode desinar a calquera xente dos tempos antigos ou modernos.» Esto posto, veñen deducir os autores, pouco mais menos, o seguinte:

Nos primeiros séculos do cristianismo debeuse falar moito na nosa terra dos abós pagaos ou xentis. As mámoas esquecidas na montaña, os castros abandoados probabremente dend'o tempo d'Augusto, os lugares de culto, serían *obras dos xentis*, nome que ainda levan algúns asegún Castillo.

A oposición antre cristiaos e idólatras fixo qu'os primeiros, atendendo con preferenza á diferencia de fé foran perdendo a concencia da continuidade racial cos abós que morreran no xentilismo. D'aquela, en castros, mámoas, penedos e fontes, mistrouse as sômas dos antigos deuses co-as das guerreiros e sacerdotes antigos.

## NÓS

O pasar os anos de domiñanza alarbia, as algaras d'Almanzor, etc., introducidos no noso chán algúns elementos vidos do Sul, o mouro vaise pondo no canto dos antigos habitadores dos castros.

Os habitadores mitecos dos moimentos prehistóricos son, pois —asegún os dous mais afincados escultores do folk-lore castrexo— orixinariamente, os seus habitadores verdadeiros mitificados. A tradición popular ten unha base histórica, non nos mouros, mais nos xentis anteriores ós mouros, n'aquiles antigos galegos qu'as historias chaman *celtas*. E' o mesmo caso dos elfos e korigan, e dos Tualha-De-Danand na Irlanda.

Outra confirmanza ten iste pensar: o feito de qu'a tradición popular os poña sempre com'antepretores ós romanos; asina a cidadela dos mouros do Outeiro de Rubiós (Cañón, Celanova) tivo guerra cos romanos, e istes botaron ós mouros do Outeiro de Vimieiros e do castro de San Facundo de Cea. De sorte qu'ainda a localización histórica dos nosos mitecos, ven descobrir a sua verdadeira personalidade.

VICENTE RISCO

TABALLOS DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

# Problemas de Xeografía Galega

## NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

O Comité executivo da Unión Xeográfica internacional acordou, despois do Congreso de Xeografía celebrado no Cairo no 1925, nomear unha comisión encarregada de fazer o programa pr'o estudo das formas da poboación rural. Dito programa ou millor dito cuestionario, débese presentar ó primeiro Congreso de Xeografía que se terá en Londres no 1928. Sería de desexar qu'a Sección de Xeografía do noso Seminario fixera algún traballo pra mandar ó Congreso.

A comisión formada polos Sres. Biassut (Italia), Demangeon (Francia), Fleure (Inglaterra), Michette (Bélgica), fixo o seguinte cuestionario:

I

### *Definicións*

1.—Definir que é o que se chaman modos d'habitación rural.

Débense chamar ansi todolos establecimentos humáns fora das vilas? Débese reservar o nome prós establecimentos rurás qu'acougan unha esprotación agrícola? Ou hase d'espallar a todolos establecimentos, hastra os qu'abrigan industrias?

2.<sup>o</sup>—Definir que é o que se chama aglomeración ou concentración.

Hai moitas variedás ou modalidás de concentración, diferentes polas formas visibles e pola disposición das casas no interior do agrupamento?

3.<sup>o</sup>—Definir o que se chama dispersión.

Hai diferentes maneiras? O lugar (*hamlet, weiler, hameau*) é forma de concentración ou d'espallamento? Unha grande granxa isolada, que mantén moitos centos de obreiros ou de colonos, é unha forma espallada?

## II

### Orixes dos tipos de poboación

1.<sup>o</sup>—Cal é a influencia das condicións naturás?

a) Influencia do relevo? As terras chás e as montesias crián condicións doidas a certa clás de poboazón?

b) Influencia da natureza do chán? Terras enxoitas ou molladas? Terras de bosque ou descobertas?

c) Influencia da y-auga do chán? Influencia na crialón de detremiñados tipos, a fartura, a probeza, a falla d'auga?

2.<sup>o</sup>—Influencia das condicións sociás?

a) Pódese fixar que na orixe dos establecimentos humáns impone un certo tipo?

b) Pódese falar d'arelas étnicas? Hai maneiras propias pra cada raza?

c) A seguridade, a defensa, impuxeron certas maneiras de fixamento?

d) Poden estar cinguidos os modos de poboazón c'os réximes agrarios? A grande propiedade e grande esprotación teñen por resultas poboazón amontoada ou espallada?

e) Influencia a densidade de poboazón?

3.<sup>o</sup>—Influencia da economía agrícola.

a) A maneira de fixamento, depende do grado de progreso agrícola? Diferencia asegnú as formas nómada ou sedentaria, intensiva ou estensiva?

b) Os grados d'organización do traballo

agrícola (distribución periódica dos eidos, esprotación trianual, etc.) levan a unha certa forma?

c) Infrae a orientación da producción? Graus? Herbas? Froitas? Hortas?

d) Nos diferentes tipos cal é a posición i-a distancia dos eidos respecto da casa do labrego?

## III

### Repartición xeográfica dos tipos

1.<sup>o</sup>—Iste repartimento foi sempre o mesmo en cada un dos países? Non amostra a historia eixempros d'inversión dos tipos?

2.<sup>o</sup>—Non hai na historia da colonización agrícola dos diferentes países períodos nos que mande un certo tipo?

3.<sup>o</sup>—Pódese detremiñar os tipos de poboazón nos tempos prehistóricos?

4.<sup>o</sup>—Cal é a forma nos países novamente poboados e colonizados?

## IV

### Relación dos tipos de poboazón c'os outros feitos da Xeografía do home

1.<sup>o</sup>—Hai relación entre os tipos de poboazón e os tipos de casa?

2.<sup>o</sup>—Hai influencia do tipo sobre da economía rural? Sobre a forma do cultivo? Sobre a calidad das colleitas?

3.<sup>o</sup>—Hai influencia dos tipos sobre a organización social, sobre as relacions dos homes, sobre os costumes i-as ideias, sobre a civilización rural?

### Conclusión

Non é de desexar qué se fagan no mór número posibre de terras, estudos rexionais e locais ben feitos pra definir, clasificar e especificar os tipos de poboazón?

A ninguén se l'ocultará o intrés d'iste cuestionario, índice das preocupacións dos xeógrafos sobre do tema fundamental ciais, da sua cencia. A resposta á conclusión é ben doada: Os estudos hanse fazer sobre rexios ben precisadas, de maneira que sexan positivos.

vas, compretas e severas contribucións dinas de toda confianza dos espíritos sistematizadores i-orgaizadores. E pensando nisto, non é preciso un cuestionario metódico sobra maneira de levar o traballo? Sobre da téinica dada pra apurar o estudo de todos os feitos de cada rexión ou localidade? Mais logo voltaremos encol d'isto, pois denantes compren duas verbas sobre do cuestionario devandito. É demasiado xeral e refrexa a maneira de ver propia das terras do centro e do ponente da Europa, onde predominan os vastos chaos agrícolas (Frades, Francia, Alemaña, Italia continental, Ingraterra do leste) alternando con tipos menos espallados de verdadeira montaña (Alpes, Walder d'Alemaña, etcétera). Así tiña que ser un cuestionario feito pr'o mundo inteiro. Tiñase que contentar cos términos esenciais. Logo hemos ver que pr'a nosa xeografía compre outra causa polos carauteres enxebres da nosa Galiza, en conxunto e nas rexións en que naturalmente s'organiza.

Pol-o pronto imos tratar de darmos resposta d'unha maneira xeral e sempre con referencia á Galiza, ás perguntas do cuestionario. Referirémonos ós números dos epígrafes i-apartados.

## I

1.—Chámase modo d'habitación rural ás diferentes formas d'agrupamento dos homes que viven predominantemente do direito traballo do chán. Unha mina, unha estación do tren, un balneario, etc. non entran de por si en tal categoría. Compréndense as industrias inmediatamente derivadas do traballo do agro (vinificación, tecido do liño, seca das castañas, augardente, frabricación de ferramentas de labranza i-outras, moitas d'elas necesario remate do propio traballo agrícola), do gando (derivadas do leite, coma queixos e manteigas, tecido da lana, conserva do porco) e da necesidade de fornecer a vida doméstica nos lugares afastados dos mercados viles (ou imposta tamén pol-o aproveitamento dos materiais da terra: canteira, carpintería, zapateira, etc.) Ista forma de vivir abóndase pr'a si mesma. A vila ten por fundamento económico o comercio ou un sistema de necesidades

espirituais (religiosas), ou de goberno, sen aparecer inmediatamente ligada ó traballo do chán.

2.—Chámase poboazón concentrada aquela que se dispón en pobos ou aldeias de gran número de veciños irradiando a sua actividad sobre unha grande extensión de chán labrego. As aldeias están afastadas unhas das outras. En moitos casos, n-hai aldeias verdadeiras, senón pequenas vilas cos seus carauteres específicos de tales, acarón das propiedades de forma labrega. Pódense distinguir varias formas: a) Aldeias ou pobos grandes de caseiro xunto, de feitura vilega, cinguidos pol-as terras de labor en radios diferentes, asegún as necesidades do traballo (hortas, eidos de pan, bosques, montes). b) Pobos formados por casas familiares arrodeadas cada unha pol-a sua horta, mais todas illas formando un conxunto. c) Pobos formados por casas soilo d'habitación, tendo no campo as habitacións propriamente agrícolas. d) Pobos que xuntan a vivenda i-os edificios de esprotación no mesmo conxunto.

3.—Poboazón espallada ou dispersada é a que se dispón en pequenas aldeias próximas entr'ellas. Eiqu-coma no apartado derradeiro o concentramento ou dispersión hánse considerar en relación coa poboazón do país de que se trate.

A dispersión pode ser forma antiga ou nova, procedente n-iste caso d'un repartimento de terras, d'unha nova rede de camiños e d'outras causas. Unha grande vila comercial pode criar nos seus arrabaldos unha forma de dispersión labrega. O lugar (hameau, hamlet, weiler) é sempre unha forza de dispersión. Calquera dos lugares leva a dirección espirituosa (lugar da eirexa) do grupo. Issto é o caso da parroquia galega, tipo de poboazón espallada. Unha grande granxa non pode ser considerada como forma d'espallamento, pois os obreiros inda que vivan en casas isoladas, dependen do traballo da granxa. Soilo moitas granxas espalladas n-un chán poden, pol-o seu número, considerarse coma poboazón dispersa.

## II

1.—a) As condicións naturais detremillan

a forma inicial da poboazón. Soilo en certo grado se poden vencer e na maoría dos ca-  
sos por traballos (minas, comercio, portos) que non son os propios da poboazón labrega. En xeneral, os cháns crián poboazón con-  
centrada i-as montañas poboazón espallada. Os penichaos ou fast-ebenes aseméllanse ós verdaideiros chaos. b) Os terreos enxoitos, de pouca auga, favorecen a concentración dos pobos (Karts ilíricos, balkánicos, etc.,) men-  
tral-los fartamente regados predisponen ó espallamento. Os lameirentos e inundabres adoitan ter poboazón concentrada nos solares mais enxoitos e seguros. Dita tendenza é tamén favorecida pol-a necesidade de man-  
ter obras e traballos cooperativos. O bosque favorece a concentración mais sempre com-  
pre distinguir antr'o bosque na terra monte-  
sia (poboazón ó longo dos vals) i-o da terra chá (grosos burgos concentrados). c) As au-  
gas nos terreos graníticos de variado releve de pouca outura, predisponen ó espallamen-  
to. As terras secas de augas de fondo que se tiran por puzos poden producir espalla-  
mento.

2.—A influencia das condicións sociás ten que ser grande e variada, manifestándose o xenio enxebre de cada pobo na transformación de certas determinantes naturás. O xenio orgaizador, fortemente pacente dos holandeses, fixo das suas terras neboentas molladas pol-o mar, pol-os ríos e pol-o ceo, un frorido xardín de cultura.

a) Non é doadoo opinar sobr'as formas primeiras d'habitación. Parés qu'a tendenza a se xuntar as familias baixo o mando d'un xefe de clán, baixo a lembranza relixiosa, debe favorecer a criação de pobos grandes. Mais tamén n-hai qu'esquecer que as formas do chán i-o orgaismo natural da terra debe impor fortemente o seu ritmo nas primeiras formas millor que nas xa esperimentadas.

b) Cicais haxa (é a tesis de A. Meitzen: *Siedlung und Agrarwesen des Westgerma-  
nen und Ostgermanen, der Kelten, der Fin-  
nen und der Slaven*) unha arela propia de cada raza. O autor dito sostén qu'a forma espallada é natural nos celtas i-a concentra-  
da nos xermanos. O primeiro feito parés ser certo en xeral, mais tamen nos chaos ó W do Wesser, na Flandes, nos Alpes suizos e

bávaros, no N da Scandinavia, predomina a forma espallada. Débese ouservar que moitas d'istas son terras montesias e que a forma espallada dos grandes chaos do Centro europeo dispone en aldeias grandes non lonxanas pol-a densidade forte da poboazón.

c) Soilo de certa maneira, en pequeno grado. Tamén os grupos isolados se fortifi-  
can sen necesidade de se xuntar en pobos grandes. A Galiza medieval tiña unha po-  
boazón espallada inda nos tempos esgrevios. Lembrese a fartura de *castros* e *citanias*. Elas coma despois os mouros dos castelos e vilas acougaban ó pobo labrego nos grandes perigos.

d) A grande propiedade e grande espro-  
tación detremiñan o concentramento. Os amos gostan de mirar xuntos ós que tra-  
ballan a terra; moitos *vici* romanos veñen da xuntanza de colonos preto da *villa*.

e) Cicais soilo de un xeito secundario. Compre considerar denantes a estensión, as condiçóns fisicas, as tendenzas da raza, a forma dos cultivos e da propiedade. Na Pe-  
ninsula ibérica os espazos de mór densidade son de poboazón espallada. Tamén é funda-  
mental a presenza de vilas ou non. A grande vila moderna semella en xeral criar a carón do propio desenrollo urbán de formas acha-  
gadas ó campo (hoteles, grupos obreiros), outra medra da poboazón campesía espalla-  
da. Co crecemento da poboazón medra nos nosos días o tipo espallado, de que son ei-  
xempro os cinturóns *novos* labregos das no-  
sas vilas.

3.—É unha condición importante, mais suxeta a outras orixinarias sobre tudo as condiçóns naturás.

a) O estadio nómada (xermanos de Táci-  
to, irlandeses do siglo XVI, galeses do Me-  
dievo) prodúz o desprazamento d'habitación asegún os cultivos migratorios, en formas espalladas. Cicais estea n-iste estadio o orixe de moitas aldeias galegas na Edade Media, de vivir semellante o que describe Giraldo Cambrense nos galeses do siglo XII (Casas de madeira dispersas no lindo das rexións alboradas).

En xeral a agricultura extensiva é d'habi-  
tación concentrado, i-a intensiva de forma espallada.

b) Son condicíos moi variabres. Na Irlanda medieval había terras d'arado traballadas pol-a comunidade nas que cada un recibía, periódicamente, unha sorte igoal. En lugar de s'agruparen, produciase a dispersión, porque o importante eran as terras de pasto nas que puñan as suas casas. As regras da esprotación trianual (un ano cereal d'inverno, o segundo ano cereal de vran, o terceiro barbeito) produciron burgos concentrados.

c) Os cereales, habitat concentrado; os pastos, os froitaes i-as hortas, espallado. Na Galiza é iste un estudo delicado qu'está por iniciar.

d) Nas formas esenciais as hortas están ó pé das casas, siguen en distancia as searas e mais lonxe os bosques. Semella ser a regra xeral, e pódese observar doadamente na nosa terra. As viñas apesares do seu traballo fino, están moitas vegadas lonxe das casas, pol-a necesidade d'as plantar en terras encostadas ou porque n-outrora, a cepa dábbase millor no monte. Mais hai casas de traballo (lagares, leñeras pr'os mollos, bodegas) no centro do eido ou agrupadas presidindo a ribeira.

### III

Os catro puntos d'iste epígrafe precisan finos estudos históricos. Que houbo tempos é evidente. En liñas xerás, a romanización precurrou concentrar; as invasões xermánicas favoreceron a dispersión. En Galiza parés qu'os cámbeos non foron grandes e sempre dominou o espallamento. Nos países novos provistos de camiños e comunicacíos trazadas ó tempo de colonizar, predominia un espallamento de grandes granxas.

### IV

1.<sup>o</sup>—No habitat concentrado, as casas tienden a ser outas, coma no espallado quedan rente ó chán. No primeiro o páteo inferior; no segundo o circundante. Hai que ter en conta as formas intermedias.

2.<sup>o</sup>—O espallamento multiplica a variedad de cultivos, favorece a perfección caseira da conserva dos productos, o desenrollo de

variadas clases de gando i-a pequena industria rural, i-o cultivo intensivo de pequenas porciones de terra sempre a dar.

3.<sup>o</sup>—O espallamento garda as tradicíos agrícolas, a lembranza do antigo sentimento relixioso, a orzaización petructial da familia, tendendo á criação d'unidades que s'abondan a si mesmas (industrias caseiras, gandeiría a máis do traballo do agro). É unha forma conservadora i-apegada ó chán. A trasformación dos sistemas de comunicación, aproveita o espallamento e faino a forma mais nobre sinxela i-armoñosa da figura do habitat sobre o mapa. Unha poboación espallada endexa-mais perderá as suas características étnicas, e gardará pr'os días do porvir unha vitalidade poderosa. Creemos qu'adautada ás técnicas modernas, sexa o tipo mais perfeito i-espranzado de poboación labrega.

A concrusión do cuestionario leva en si a resposta. Pois somentes c'un estudo preciso do mór número, en fin de contas, de todalas rexios d'un país, pode resolver as múltiples preguntas en col do habitat labrego que levan en si a hestória i-a xeografía, no que teñen de vital.

Agora, xa esposto o cuestionario, compre dicir unhas verbas dánantes de seguir o noso pequeno traballo. As respostas indicadas teñen un caraute de xeneralidade qu'as fan soilo provisorias, respondendo á arela de trazalos sucos esenciais do campo que temos que labrar. Pra lles darmos unha mór perfección cumpliría un longo estudo de toda a imensa literatura xeográfica que s'está producindo e que nos iba levar demasiadolonxe. Por outra banda, non convén esquecer qu'o noso oxetivo é o estudo da poboación labrega de Galiza, terra de particularidades tan enxebres que mais ben prexudica que favorece a comparanza con outras rexios. A comparanza ha vir cando estea firmemente feito o noso traballo, obra de moitos investigadores e de moitos anos.

É doado o cuestionario citado pra dirixir os estudos do noso Seminario? Eu, modestamente coido que non se pode acoller na sua integridade, inda qu'estean maxistralmente indicadas as custíos esenciais.

Pol-o pronto, na Galiza temos unha unidade vital antiga, xeográfica, eterna: *parroquia*.

Pra coñecermos a xeografía humán galega é preciso estudar todal-as parroquias c'un método seguro. Temos a fertuna de conserval-a célula social labrega integra nos seus decisivos caraúteres. O grande prehistoriador-arqueólogo Florentino L. Cuevillas, demostrouno d'un xeito indiscutible na sua derradeira conferencia feita en Celanova e que aixiña ha ser coñecida. E non se pode afastar o investigador d'ista pauta trazada pol-a natureza e pol-a hestoria.

Alguén pensará que sería mais doado comenzar por rexios naturáis. Coido que a falla de serios traballos cartográficos (de xeología, agricultura, climatoloxía, habitación, etcétera), fai inaceitabre o proiecto en si centífecho e ben guiado. En troques unha vaga estudiadas as parroquias, é doado dispolas en rexios naturáis.

Mais a carón do estudo das formas do habitat labrego, intemamente cinguido co-llurde o da forma e disposición da casa labrega. Nela comprendemos o pazo, pois secularmente afincado no chán, zuga d'il a sua vitalidade, coma un poderoso castiñeiro pertrucial. Os puntos que debe encher un programa pr'o estudo da nosa casa labrega serán os seguintes. N-hai qu'esquecer que se trata d'un ensaio.

#### *1.º A casa-habitación.*

Materias de construcción (pedra de grá, pizarra, croyo, barro, pallabarro, madeira, tella).—Pranta.—Alzado (Fastiales, fronteiras, laterás e traseiras).—Coberta (feitura, desván, tella, pizarra, colmo).—Orgaismo ver-

tical (pranta baixa, piso ou pisos, co-a comunicación entr'iles) Iluminación e ventilación (porta, ventás ou fiestras, balcón, solaina, bufarda, co-a sua feitura i-orientazón en relación co-a da casa).—Dinámica do vivir doméstico (cocinha, na pranta baixa ou afastada, ou no piso, saída do fume, pol-a coberta, ou chemineia), sala ou cuartó, sobrado, dormitorio.

#### *2.º As construccions adxetivas á casa labrega.*

O curro ou páteo (fronteiro, circular, diantero, laterial, interior).—A i-auga (puzo, tanque, fonte, aproveitamento comunal).—As cortes (baixo da casa, arredor do curro, fora do curro, c'a sua pranta, alzado, material, barras, sistema de comunicación e lús, e variacions impostas pol-a natureza dos animás; galifías, porcos, abenza, gando mór, cabaleirías).—Os almacés ou celeiros de produtos do agro (cabaceiros, palleiras, bodegas, leñeiras, sequeiros, c'a sua compreta arquiteutura e relación co-a casa de vivenda).—Os locales de traballo industrial labrego ou imposto pol-as necesidáis do vivir da aldeia (frágoa, carpinteiría, zapateiría, tenda, lagares, locales d'estila do augardente).

#### *3.º Elementos artísticos.*

Ornamentación da pedra, do cal, da madeira, en portas, solainas, fiestras, parés; pintura e seus motivos e coores, tarabelos e todolos mais que s'aparten do simpre xeito costrutivo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

(Seguird).

## ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

### Ditos referentes a xentes e pobos

#### *Da Ría da Arousa*

Magorrentos de Palmeira,  
pelados son os da Vila (*Caramiñal*)  
para cantar e beilar  
as mozas de Santa Uxía (*Ribeira*)

(*Santa Uxía de Ribeira*)

#### *Da Ría do Eo*

Castropol, corral de vacas,  
As Figueiras de cabritos,  
A Veiga de folgazás,  
Ribadeu de señoritos.  
(*Ribadeo. Os nomeados son pobos da Ría*  
algúns dos que pertencen administrativa-  
mente a Asturias.)

F. BOUZA BREY

*Adiviñanzas*

—¿Qué cousa é cousa que anda no bolso e non gasta cartos nin medias?

*O reloxo*

—¿Qué cousa é cousa que cabe no puño e non cabe n'un carro?

*O ovo*

—¿Qué cousa é cousa que bate na lousa?

*O mar contra os cons*

—¿Qué cousa é cousa que pouxa no monte

NÓS

e ven beber á fonte?

*A ave chamada PINEIRA*

—Estando un forno cheo de vacas bermeñas veu un boi negro e botounas fora, ¿que é?

*As ascuas e a pala*

(Recollido en Goyáns, Lampón, na Ria de Arousa)

F. BOUZA BREY

## Os homes, os feitos, as verbas

### A NOSA ETNOGRAFÍA

Ben ou mal ourentados, en grea informe os mais, sistematizados os menos, o feito é que ao cabo de algúns anos, dende a nosa renacencia —non esquencendo ao P. Sarmiento— ténense dado a coñecer moitos datos etnográficos, en número tal que xa estará ben ir pensando en facer o estudo científico e serio con todo o seu intrés, derivativo da nosa etnografía.

A fase literaria de fins de século, que tomou como tema predileito, o tipicismo, adescrición de festas, romaxes, lendas, costumes, etc., por un lado, o furor e iras santos conque algúns médicos atacaron a ignorancia, supersticiones, crenzas do noso pobo —lémbrase a Rodríguez López— n'outro senso formaron nos comenzaos de esta época os primeiros arquivos etnográficos hoxe de inestimable valor.

Xa con un criterio mais científico, aportaron moitos materiaes diste orde o Murguia e o autor de «El Idioma Gallego». Dende entón, nas cásqueas infindas revistas publicadas, e en moitos xornais houbo cando non unha seízón, adicada ao folk-lore, moitos artigos e traballos de esta índole.

Fixémonos somentes na coleición de contos populares publicados por L. Carvaxal, en

«Galicia Moderna» e nas descripcións da «Galicia Humorística» imprentadas as duas en Pontevedra; as lendas e costumes dadas a coñecer por distintos autores en «Galicia» de Martínez Salazar e de la Iglesia, da Cruxía, no «Almanaque Ferrolano» de Fort-traballo sobor de música popular; na «Galicia Diplomática» de Barreiro, en Sant-Iago; na «Ilustración Gallega y Asturiana» de Oviedo e en outras tantas, e xa nas más novas como «Ultreya» de Cotarelo, en Sant-Iago; «B. da A. Gallega» da Cruxía; «B. da C. de M. de Ourense», e nista mesma revista que dende os seus comenzaos tivo sempre unha gran predilección por esta cras de investigazóns.

Fai tempo que vimos termando de dar a coñecer a nosa bibliografía etnográfica e hoxe podemos prometer a sua pronta publicación, que amostrará a algúns lacazáns iconoclastas que os nosos anteriores non deixaron todo por facer.

Agora o que fai falla e d'un xeito urxente é o CUESTIÓNARIO ETNOGRÁFICO GALLEGOS, probremo iste menos doado de resolver do que parecese. Polo de agora lévase feito a labor mais outa na Península por parte da Sociedade de Eusko-Folk-Lore, e esto é debido, ademáis da intensidade do traballo, a contar con un admirabel inqueridoiro etnográfico que facilite enormemente a laboria.

Engadido ao Cuestionario contan os estudos etnográficos vascos con folletos de axuda e de enseñanza como o de Barandiarán (1) e follas contendo un só tema do Cuestionario, que espallan un ano ou dous por toda Vasconia, pra ter o mais completo posibel o gran ficheiro etnográfico en formazón.

As derradeiras chegadas ás nosas máns preguntan detalladamente todo o interesante folklore referente a fundación de Igrexas.

—Cánto se non podería falar n'iste caso concreto na Galiza? Ainda Risco no seu artigo pasado «mitoxia popular» tocou algo ista cuestión.

No ano 84 aquela Sociedade de «Folklore Gallego» que presidia a Pardo Bazán na Cruña, editara un cuestionario limitado somente á parte de supersticiones e crenzas. Está publicado un folleto aparte e tamén na G. Diplomática.

Salillas, Puyol, Bernaldo de Quirós, García Herreros, Pedregal e Camarón da Sezón de Ciencias Moraes e Políticas do Ateneo de Madrid publicaron en 1901 un cuestionario demográfico moi intresante que reproducen Hoyos e Aranzadi (2) que dou por resultado 260 contestacións que ordenadas e clasificadas formaron no ficheiro 8.500 papeletas referentes ao nacemento, 20.000 ao casamento, e 15.000 á morte e entierro. Dos dous pódese aproveitar moito.

Na ourentazón que deba levar o Cuestionario será moi útil ollar como causa fundamental o «Questionnaire d'Etnographie» de Louis Marin, Presidente da Sociedade de Etnografía de París, publicado en 1925.

Está dividido nas seguintes partes:

1.<sup>a</sup> Vida Material; dividese en tres sezóns; 1.<sup>a</sup> Traballo, 2.<sup>a</sup> Costumes de Traballo Material; 3.<sup>a</sup> Distribución dos elementos materiais no espacio e no tempo.

2.<sup>a</sup> Vida mental; dividese en catro sezóns: 1.<sup>a</sup> Instrumentos de coñecimentos; 2.<sup>a</sup> Coñecimentos especulativos; 3.<sup>a</sup> Coñecimentos prácticos; 4.<sup>a</sup> Concepcións filosóficas e relixiosas.

3.<sup>a</sup> Vida Social; dividese en tres sezóns: 1.<sup>a</sup> Feitos Sociais; 2.<sup>a</sup> Elementos Sociais; 3.<sup>a</sup> Sociedades.

Como mostra transcribimos detallado o índice da primeira parte:

PREMIERE PARTIE.—VIE MATERIELLE  
PREMIERE SECTION.—BESOINS  
CHAPITRE PREMIER.—ALIMENTATION

ALIMENTS: boissons, fumées. — Objets:

(1) Breves instrucciones para el investigador folklorista. (21 págs. — Ext. do Anuario de Eusko Folklore 1921).

(2) «Etnografía - Sus Bases, sus métodos y aplicaciones en España» — Manuales Corona, Madrid - 1917.

tive: nourriture, épargne, excitants, friandises, esthétique. — Régime alimentaire: combinaison, succession des alimens; êtres et cas auxquels s'appliquent des régimes spéciaux. — MATIÈRES premières: minérales, végétales, animales. — MÉTHODES: préparation lointaine, cuisson, confection des mets, conservation, consommation. — INSTRUMENTS: pour préparation consommation, conservation. — SIGNIFICATIONS sociales et religieuses.

#### CHAPITRE DEUXIÈME.—SOINS PERSONNELS

Coutumes qui NE MODIFIENT PAS le corps humain: repos, exercices, jeux, entretien, soins généraux et particuliers; QUI TRANSFORMENT LÉGEREMENT la nature, régulent l'arrangement; celles QUI DEFORMENT LE CORPS. — Objets. — Méthodes et procédés. — Instruments. — Significations.

#### CHAPITRE TROISIÈME.—VÉTEMENT

PIÈCES. — OBJECTIFS: protection, but moral et esthétique, significations sociales, — PORT. — RÉGIME: vêtemens prédominants suivant les saisons, suivant les êtres, circonstances ou fontions. — MATIERES. — Méthodes et façons, confection, entretien. — INSTRUMENTS—SIGNIFICATIONSETNOMIQUES, professionnelles, civiques, religieuses, économiques, occasionnelles.

#### CHAPITRE QUATRIÈME—HABITATION

ÉLÉMÉNTS ESSENTIELS, secondaires, de nécessité et d'industrie domestique; APPAREILS ACCESSOIRES; revêtemens protecteurs; DÉCORATIONS et annexes. — OBJETIFS généraux, d'édifices, de pièces. — Régime. — Usages. — Matériaux. — Construction et entretien. — Méthodes et coutumes d'entretien. — Significations.

#### CHAPITRE CINQUIÈME.—MOBILIER ET OUTILLAGE

Pièces, meubles de repos, d'exercices, d'appropriation, de supports; contenants; récipients, vaisselle; éclairage, chauffage; mesure du temps, décoration. — Usage. — Régime. — Matières. — Méthodes et procédés de confection et d'entretien. — Significations.

#### DEUXIÈME SECTION.—COUTUMES DE TRAVAIL MATERIEL

#### CHAPITRE SIXIÈME.—COUTUMES

MATIERES utilisées: vegetaux spontanés cultivés; animaux sauvages, chasse, pêche; espèces d'élevage. — Objets. — MÉTHODES AGRICOLES végétales; cueillette, culture; méthodes agricoles animales: chasse, pêche;

élevage.—INSTRUMENTS: de culture, de capture et d'élevage.—Régime.—Significations, rites et croyances de la culture, de la capture et de l'élevage.

#### CHAPITRE SEPTIÈME.—COUTUMES INDUSTRIELLES

MATIERES utilisées: extractives; objets de fabrikations.—Créations poursuivies; utilisation des matières premières minérales, végétales, animaux.—Méthodes de travail: *industries*—Extractives, de transformation.—Instruments—REGIME: entre les industries, avec les producteurs, les consommateurs, les collectivités.—Significations.

#### CHAPITRE HUITIÈME.—COUTUMES COMMERCIALES

MATIÉRES.—OBJECTIFS: distribution dans l'espace et le temps.—METHODES DE TRANSPORT: pistes et routes, voies ferrées et navigables; méthodes de distribution: conservation, crédit, échange.—INSTRUMENTS de transport; outillage d'exposition, de conservation; monnaies; crédit.—SIGNIFICATIONS.

#### TROISIÈME SECTION.—DISTRIBUTION DES ÉLÉMENTS MATÉRIEUX DANS L'ESPACE ET DANS LE TEMPS.

#### CHAPITRE NEUVIÈME.—DISTRIBUTION DES VILLES ET DES VILLAGES.

Distribution des ENTREPRISES: exploitations humaines, cultures; désaglomérations; villages à bâties morcelées ou aglomérées; leur disposition générale, spéciale; quartiers; organes spéciaux; jardins.—Distribution des moyens de COMUNICATION; routes, chemins, rues, places, canaux; fleuves et rivages.—Significations.

#### CHAPITRE DIXIÈME.—DISTRIBUTION DANS LE TEMPS.

Journée, groupement de jours, semaines, mois; saisons et années; cycles d'années, personnels, sociaux.

Ainda nos comenzamos o Museo Etnográfico do Seminario de Estudos galegos se non poden tirar como fixeron tamén os vascos, fascículos con catálogos de algúns obxertos do seu museo. Pol-o de agora van publicados os que se refieren escrupulosamente aos aparatos de traballar o liño. O que se pode facer e ir publicando monografías sobre de algúns temas como p. exp. disposición da casa en Galicia, o moifio, máquinas de tecer, o barco, etcétera.

#### NÓS

Coidamos que o Seminario ten pensado escomenzar as publicacións da seizón Etnográfica con algúns traballos de Xeografía Humán do Otero Pedrayo. É un xurdío comenza e quen sabe si ten o valor de ser o inicial da nova época de estados etnográficos a que nos da dereito a laboria de acadamento levada a cabo.

RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

#### LUÍS AMADO CARBALLO

Bon galego, poeta escelso, amante como poucos da sua Terra e da sua Arte, Luis Amado Carballo, era unha luzada que se metía fondamente no porvir.

A morte levouno, como levou a Porteiro Garea e a Leonardo Rodriguez, cando o froito do seu talento entraba na maturidade. É un ruin sino que nos persigue.

E o pior é que as perdas da manitude da de Amado Carballo non teñen doadas sustitución. Que o seu limpo espírito nos alente e nos guie.

#### O GORSEDD

Iste ano celebrouse o *Gorsedd*, a Asamblea druídica anual dos Pobos Célticos, na que a Raza afirma a sua tradición inmorrente e a sua esgravia vitalidade criadora, en Rienc-sur-Belon, na Bretaña francesa, assistindo as delegaciones druídicas e bardicas d'Irlanda, Gales e Escocia, esprándidamente recibidas pola asociación druídica bretona.

Tivo iste ano gran solenidade a festa consagrada ó culto da Raza. Houbo cantos e danzas populares, loitas e xogos atléticos. Un dos autos mais significativos foi a consagración das pedras comemorativas dos cinco bardos bretos: o vizconde Hersart de la Villemarqué, recopilador do *Barzaz-Breiz*, o calificado por Salomon Reinach e admirado por Murguia; Brizeux, outro dos mestres do noso Patriarca, que cita a coto, onde canta os costumes e tradicións da Bretaña; Gilles de Kerampail, o primeiro gramático bretón; e Brotel.

#### SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

No mes d'agosto visitou a bisbarra do Carballiño en vía de estudo, a Comisión de Catalogación iconográfica, composta pola Presidente do Seminario Sr. Cabeza de

León, o da Seizón Sr. Portela Pazos, o Secretario Sr. Filgueira Valverde e o socio Sr. Vázquez. No Carballiño xuntáronse os presidentes das Seccións de Xeografía e Arqueoloxía Sres. Otero Pedrayo e Cuevillas e o socio Sr. Ramón Fernández (Ben-Chó-Shey) que foron dende Trasalva e Ourense respectivamente, e os Sres. Losada Diéguez (D. Antón) e Losada (D. Xaquín). O resultado foi a compreta catalogazón de dez eirexas antigas e cinco castros, un d'iles o de Morgade, xa esprorado con anterioridade.

#### REAL ACADEMIA GALLEGA

O 30 d'agosto na Cruña celebrouse o ingreso de D. Xulio Dávila Díaz, quen sucede na Academia a D. Francisco Romero Blanco. Disertou en col da persoalidade do ilustre ortigueirán Benito Teixeiro Martínez, autor d'un plano da ría de Santa Marta e de moitos traballos xeográficos e históricos en col de Galiza, coma son: *Apuntes para la historia de Ortigueira*, *Prehistoria Orteguense*, *Los Armadas de Santa María*, *Un naufrago*, *Gallegos ilustres en América durante el descubrimiento y la conquista*, *Aurelio Aguirre y su tiempo*, *Fray Felipe de la Gándara y Fray Hernando de Ojea*, *Esther* (novela romántica) e *La de Zúñiga* (novela d'ambiente galego). O Sr. Dávila fixo un acabado estudio da persoalidade do ilustre ortigueirán.

Respondeulle o Sr. Maciñeira, o qual pu-bricou o seu discurso, do que daremos conta no número que ven.

## LIBROS

UNA PUNTA DE EUROPA,  
por VICTORIANO GARCÍA  
MARTÍ, Madrid, 1927.

Armou iste libro certo barullo, e ainda me-rcia meter mais. Coma xa anuncia o prologador, Ortega Gasset—de cuio prólogo debemos recoller a confesión paladina da persoalidade de Galiza—tivo García Martí moitos contraditores, e tífaos que ter, xa que todolos que en col de Galiza escriben, áchanse pol-o xeral en íntimo desacordo. E cecais tamén estea millor que sexa d'iste xeito.

De todas maneiras, iste libro indica que por fin os galegos de Madrid, moi mais alejados da terra, anque pareza mentira, que non os d'América, comenzañ a voltar os ollos á sua Pátreia e á sua renacencia. García Martí, que xa leva anos aló adicado a outras curiosidades, pódese dicir que é quen lles abre o vieiro. Atrás d'il han vir outros,

mais pol-o pronto, non son moitos os que poidan vir e que trayan consigo o que pode traguer o autor de *O Mundo interior* e *Do Vivir héroico*.

O seu libro así e todo, non é ainda mais que unha iniciación, mais querer quer coller o problema no seu conxunto e dend'o alto, e en moitas cousas atina ben, e ven coincidir en moitos puntos coas doutrinas sustentadas hai anos polos nacionalistas galegos. O mesmo tido de *Unha punta de Europa* responde perfeitamente á idea do europeísmo galego, tantas vegadas espota n-estas mesmas páxinas de NOS, e alén, oposta ainda por moitos ó africanismo que algúns dos nosos creen descobrir nas rexións centrais e meridionais da Península. A concepción de Galiza coma terra históricamente inédita, que é das más fecundas do libro, e relacionada co-a que tamén espón maxistralmente Martí, da esterilidade pra Galiza dos galegos ilustres—dos que se gaban eiqui, e mais na América tantos e tantos, e que o ilustre escritor portugués Julio Dantas tivo o pouco gusto d'invo-car hai pouco n-un artigo que reproduciroñ algúns xornais d'eiqui—é igualmente das que, espresada n-esta ou n-outra forma, nos teñen servido pra erguel-as nosas espranzas. E asina d'outras.

Crar'está que García Martí, pouco amigo d'aventurar teorías candhai outros que tan doadamente definen, mantense n-este libro n-unha prudencia pode que asisada de mais n-un filósofo, de maneira que s'algún defeu-to se lle pode pôr, había ser cecais o de non ser cumprida a sua información direita, tendo bebido mais en fontes literarias que na observación dos feitos; anque o xeito especial do libro requira efectivamente esta maneira de traballar.

Martí, pol-o demais, deuse perfeita conta do que val o noso movemento de renacencia galega e a obra feita deca agora, e n-esto é tamén guieiro antr'os d'alá, descoñecedores pol-o xeral d'esto todo.

*Una punta de Europa* é un documento valioso en col da Galiza, intresounos moito, e recomendámolo á atención dos nosos leitores.

NOTAS PARA UNA INTRODUCCIÓN AL ESTUDIO DE LA LENGUA Y LITERATURA PORTUGUESAS, por ALVARO MARÍA DE LAS CASAS, Madrid, 1927.

Son duas leíciós, pirmeiras d'un curso espricado pol-o autor na Escola Superior de Policia de Madrid. Estas leíciós conteñen, a pirmeira as nocións de Filoloxía, Lingüística e Gramática, a clasificación morfolóxica e

xenealóxica das lingoas, as lingoas Aryas, as itálicas, o latín e as lingoas románicas, e a romanización da Península e influencias que nela sofreram o latín; a segunda, partes que se divide o desenvolvimento da lingua portuguesa, seus dialeitos e subdialeitos, características da literatura portuguesa e estado dos estudos filológicos en Portugal e do estudo das lingoas románicas.

É un resumo de moita concisión, e o que ten de mais d'inxenio de nota é a claridade e a forma metódica con que está escrito, o qual honra moi, non somente á fonda coñecencia qu'lo noso querido colaborador ten da lingua e literatura portuguesas, senón tamén ás suas dotes pedagógicas, de certo pouco comúns.

ABRIL (poesias) por GABINO DÍAZ DE HERRERA

Un forte tomo de versos mais abondoso do que adoitan os poetas modernos. Os mais d'iles son aritméticos (sen ritmo verbal) ou de ritmodizante e moitas vegadas desigual. Novo na imaxe, sinxelo e natural no fondo, o principio cuesta algo entrar n'il; despois afásica un e agrada moi iste poeta. Están ben, ainda pintorescos, os *Poemas del Mar*; moi ben as suscavidades, ainda sentimentais, d'outros poemas. Ainda, ou de novo, igual dá. Bó fora ceibal-a poesia da categoría d'espazo si non houbera despois que ceibala da categoría de tempo. Si non se quer qu'a poesia morra co seu. Mais todo o que escribe, faino pr'a eternidade. Por iso, a sustancia poética da Biblia, interpretada dun xeito non moi alonxado do primitivo, resona ainda na inspiración de Diaz de Herrera, n'iste libro e n'outro qu'anterior. Com'ainda Verlaine e D'Anunzio vivem nos lemas, co-a autoridade de lecturas preferidas. E cando se teñen preferencias de bó aire, ben vai.

NOVOS EISEMPRAIS DA OURIVESARIA GALEGA: NOTA EN COL DO TESOURO DA GOLADA, por FLORENTINO L. CUEVILLAS (Separata do *Butlletí de l'Associació Catalana d'Antropología, Etnología i Prehistòria*) Barcelona. 1926.

Estudo do tesouro da Golada, a 20 kil. de Lalín, atopado hai 6 ou 8 anos polos piões qu'abrián unha estrada provincial e depositado en Pontevedra. Consiste en duas pulseras d'ouro macizo e unha xarretiera ou collar de chapa d'ouro con rachadelas horizontais co-as tiras repuxadas. O noso compaño, que tanto leva estudiado a nosa arqueoloxía prehistórica, pon istes ouxetos, si

ben con certa reserva, nos primeiros tempos do Bronce, e supón que o tipo do collar ou xarretiera, do que teñen aparecido outros en Galiza (Monte dos Mouros—Melide) tivo nacencia en Galiza, polo-a influencia d'elementos orgánicos.

O *Butlletí de l'Associació Catalana d'Antropología, Etnología i Prehistòria*, no que se publicou este trabalho, e do que Cuevillas é colaborador, fixo ademais d'il unha separata que regalou ó autor. Na mesma publicación sairá *Os fósiles do Eneolítico e a Idade do Bronce na Galiza*, valioso estudo xa rematado do señor Cuevillas.

AS ILHAS DESCONHECIDAS  
por RAÚL BRANDAO

«Raúl Brandao é o maior escritor de Portugal e, tal vez o maior escritor contemporâneo»; diz d'il o gran Teixeira de Pascoaes. Da sua orixinalidade poderosa faláranos hai tempo en NÓS (nº 9, Xaneiro 1922) Hernani Cidade. A sua obra é xa abondosa; novelas: *A Morte do Palhaço*, *A Farsa*, *Humus*, *Os Pobres*; teatro: *O Maior Castigo*, *Noite de Natal*, *O Doido e a Morte*, *O Gébo e a Sombra*. Nelas apresenta unha visión sombría do mundo e da vida, amostrada n'unha prosa persoal, sen retórica e fondamente emotiva. Libros que n'iste tempo de volta ó retoricismo dan unha extraordinaria impresión de forza e de verdade: a vida tristeira ou leda, a s'affirmar por antrás esmorecidas entelequias pálidas dos escritores qu'adoitamos ler.

Outra obra de Raúl Brandao, *Os Pescadores*, primeira d'unha serie: *A vida humilde do Povo Português* (que ha comprender tamén *Os labradores*, *Os pastores*, *Os Operários*, paralela á *Historia humilde do Povo Português*) abriu, a decir dos seus comentadores, unha era nova na sua maneira, agora aberta á luz, así com'enantes era sombriza. *Os Pescadores* contén paisaxes, tipos e vida de toda a costa portuguesa: *De Caminho à Póvoa*, *Foz do Douro*, *Ria de Aveiro*, *Lisboa*, *Setúbal*, *Cetzimbra e Caparica*, *Sagres*, a pesca da sardiña, a pesca do atún, cadros d'emoción fonda, ond'atopamos todo o noso mar.

D'un xénero imitante e iste das *Ilhas Desconhecidas*, libro adicado ás illas Açores. Com'outro, é un libro feito con notas de viaxe «quasi sem retoques», di o autor. Láyase de non poder «pintar com palabras», mais difícilmente habrá quen millor teña pintado con verbas, coma Raúl Brandao n'iste libro, onde fai ver a coor c'unha forza expresiva verdadeiramente extraordinaria. Con verbas, xunta os prodelementos todos da pintura: esquematiza, deseña, divide os tons,

engade veladuras ou lava e lambe, empasta e embastece as tintas coma lle convén pr'o efecto de que o leitor vexa canto il descreve. E' verdadeiramente dino de nota o análise que fai de luz das Acores, que il descompon de mil xeitos nos seus elementos coma faria un químico. Asina, coma nos *Pescadores* a de Portugal, eiquí atopamol-a vida toda das Acores, e toda a sua beleza.

Raúl Brandao, gran prosador, é ben dino por istes libros de figurar antr'os poetas atlánticos. *As Ilhas Desconhecidas* fixonos lembrar mais d'unha vegada *The Aran Islands*, de Synge; un e outro libro conteñen dous anacos do mapa espiritual do noso Atlántico. Son novos viaxes de Descoberta.

Desvelado e ainda mais que desvelado, asesinado, o misterio de Alén-Atlántico, fica ainda o misterio d'eiquí, da nosa banda, o Atlántico vello, con tradición e con alma, qu'os viaxes espirituás dos Brandao e dos Synge vennos revelar, coa ventaxa de qu'eiquí nono pode matar o criollismo.

#### LA NOVELA MUNDIAL, Madri.

Antre todal-as publicacions d'esta caste que s'editan en Madri, distinguese esta pol-a escolleita das firmas dos colaboradores, que son os millores e dos mais populares novelistas hespánicos (Baroja, Valle-Inclán, Insua, López de Haro, Camba, etc.) Temos recibido as seguintes:

*Se rifa un marido*, por Jesús R. Coloma, novela de tipos e costumes de Madri, de moito intrés.

*La hija del Capitán*, esperpento de don Ramón del Valle-Inclán, tremenda sátira, no estilo que hoxe emprega o autor, e n-unha lingoaxe chula, que non está tan lonxe do verdadeiro falar da xente do noso tempo.

*Piedra rodada*, por Francisco Camba, novela d'un vagamundo da aldeia, da aldeia galega, a quien lle prende no corpo o verme, e bótase a andar pol-os pobos, exercendo as variadas artes dos *moñantes*, sen qu'un amor sosegado e doce que lle precura un bó pasar, o poida redimir do nomadismo.

*Mi amigo el viajero*, por Rafael López de Haro, que é drama interno d'un señor que ten unha filla que o non coñece, e o pai morre abandoado namental-a filla coida a outro pai qu'ela coída o seu e co que viven.

*Amor de sacrificio*, d'Emilio Carrere, que son novas esceas de bohemia e d'amor, que tanto ilusionan ó autor.

#### REVISTAS

CÉLTIGA, Día de Galicia,  
MCMXXVII, Buenos Aires.

*Céltiga* millora de día en día. Endexamais

se deu nos galegos d'alén mar, unha tan perfeita compenetación co-a Pátreia ausente, unha tan xusta comprensión dos seus probremas, coma se dá no agrupamento d'intelixentes compatrianos que con esforzo e sacrificio dino da meirande loubanza e d'eterna gratitud de Galiza, pubrica a revista *Céltiga*. *Céltiga* é o perfeito eco do millor, do mais escolleito do labor que hoxe s'está facendo na nosa Terra.

O extraordinario do Día de Galiza é verdadeiramente xúrdio. Damos eiquí o Sumario:

*El momento de Galicia*.—*Ora é nuha abedoiira*, soneto d'Antón Noriega Varela.—*Fogar e Patria*, por Victoriano Taibo.—*A Berenguela*, por Ramón Otero Pedrayo.—*Líbros*, sobre *El Pórtico de la Gloria de la Catedral de Santiago de Manuel Vidal*, por Critias.—*Sant'Iago*, poema d'Eladio Rodríguez González.—*La reconquista de Santiago*, por Camilo Barcia Trelles.—*De «A rosa de cen follas»*, de R. Cabanillas.—*Emigrantes*, por Florentino L. Cuevillas.—Unha notiña de Roberto Blanco Torres.—*Oración do emigrante*, por Miguel Revestido.—*Nosa Señara da Roca*, por Ramón Suárez Picallo.—*Dibuxo de Castelao*.—*En favor de la Universidad Gallega*.—*Mauolo Quiroga*.—*Nenos galegos*, deseño de Cebreiro.—*O paspallás*, por Xosé Filgueira Valverde.—*O vello mariñeiro*, poema de Gonzalo López Abente.—*A ofrenda*, por Leandro Carré.—*Lino-leum*, de Julio Prieto.—*Canto a mi ciudad*, poema de Herminia Farfia.—*Ausencias*, poema de Salvador Cabeza de León.—*O pescador d'Estrelas*, poema de Julio Sigtienza.—*La alta misión de la Universidad*, por Eugenio Montes.—*Dibuxo de Camilo Díaz*.—*Postaes galegas*, por J. Núñez Bua.—*O Pelegrino*, poema de Farruco Porto Rey.—*No Día de Galicia*, por Xosé Lesta Meis.—*Don Manuel Portela Valladares*.—*Campus-Stelle*, por Germán Fernández Fraga.—*Mariñeiro galego*, poema de Antón Zapata García.—*Galicia Deportiva*.—*Eu torno a un título*, por Plácido R. Castro.—*Ciudades Argentinas*.—*El Centro Gallego de Avellaneda*.—*Serán d'Outono*, dibuxo de Amando Suárez Couto.—*Verbas obrigadas*, por Ramón Villar Ponte.—*Loriga*.—*Noiturino*, poema de José G. de la Cueva.—*A Romería*, cadro de Carlos Sobrino.—*Francisco Ayón e José María Posada*, por Uxío Carré Aldao.—*Os mais cegos*, poema de Benedicto Conde con deseño de Xesús Conde.—*O mitín das ideias*, por Magariños Negreira.—*Da Renacencia galega*, por Vicente Risco.—*Alvaro Cebreiro*, poema de Julio J. Casal, con retrato de L. Quintas.—*Sant'Iago e San Andrés*, por Ben-Cho-Shey.—*Teatros*.—*Las Sociedades Gallegas de Montevi-*

*deo.*—Diferentes informaciós.—*El día de Galicia*, por Benjamin Martínez Cadillo.—*Quien volverá a ver las rosas mías*, por F. Herrera Garrido.—Novas, información gráfica, etc.

SEARA NOVA,  
Número 100.

Sumario: *Questões do dia*.—*O Jogo*, por Mario de Castro.—*Raúl Brandão*, por Teixeira de Pascoaes.—*A propósito do libro «A Inteligencia na literatura nacional» do Sr. Dr. Artur Ribeiro Lopes*, por Bourbon e Meneses.—*D. Sebastião, rei de Portugal (por Antero de Figueiredo)*, por Vieira de Almeida.—*Afonso Lopes Vieira*.—*Algumas notas e reminiscencias*, por Manuel Mendes.—*Carta de agradecimento a D. Basílio*, por Antonio Sergio.

Número 101.

Sumario: *Reflexões*, por Rodrigues Migueis.—*Notas sobre a paisagem*, por Vieira de Campos.—*D. Sebastião, rei de Portugal (por Antero de Figueiredo)*, por Vieira de Almeida.—*Andam faunos pelos bosques (por Aquilino Ribeiro)*, por Castelo Branco Chaves.—*Notas e comentários*, por M. de C.—*Questões do dia*.—*O Jogo*, por Mario de Castro.

Número 102.

Sumario: *Questões do dia*.—*O Orçamento*, por A. Quintanilha.—*Acusações*, por Câmara Reys.—*Os batalhões académicos de Coimbra*, por Belisario Pimenta.—*Teatro infantil*, por Joaquim de Oliveira.—*Mariinha*, por Manuel Rocheta.—*Livros*, por R. M.—*Problemas da Instrucción secundaria*, por Anatole France.—*Notas e comentários*, por David Ferreira.—*Sobre a inter-cultura de Portugal e Espanha*, por Antonio Sergio.

Número 103.

Sumario: *Leis novas, direito velho*, por Avelino Cunhal.—*Sinfonia da alegria*, por Martíño da Fonseca.—*O Argos*, por Sarmiento Pimentel.—*O futuro dos vinhos portugueses e a orientação da nossa viticultura*, por Lucio de Magalhães.—*Um nobíssimo artista e distinto professor*, por M. de C.—*Acção directa*, por Ortega e Gasset.

BOLETÍN DE LA REAL  
ACADEMIA GALLEGAS  
1.º Agosto 1927.

Sumario: *Una ara pagana cristianizada*,

NÓS

por Celestino García Romero, referente a unha que hai no Museo Arqueolóxico de Santiago, e cuia inscripción interpreta o autor: *I (ovi) O (ptimo) M (aximo) Herculio Tongo S. V.*, que supón foi cristianizada, utilizándose un oco que ten por riba pra gardar reliquias (cecais—engademos nós, e o caso non sería novo—pra empregala coma pé d'un altar).—*Prehistoria gallega. Hachas de bronce de talón (hallazgo de un depósito)*, por Angel del Castillo.—*Puente deume y su comarca (apuntes históricos)*, intresante trabalho do noso colaborador Antonio Couceiro Freixomil, publicado outrora en *El Diario de Orense*.—*Sección oficial. El monumento a Curros Enríquez. Documentos históricos: Ordenanzas de la ciudad de Santiago, año 1775 (conclusión)*.

NAÇÃO PORTUGUESA, fascículo IV,  
serie IV, tomo I.

Sumario: *Ocidentalismo e Cristianismo (conclusão)* por Antonio Sardinha.—*Scolastique et Revolution*, por Gonzague Truc.—*A margem do Artigo de Gonzague Truc*, por Manuel Múrias.—*Comentários etimológicos* (alguns casos de dissimilação vocalica), por Rodrigo de Sá Nogueira.—*Antonio Saraiva na Universidade*, por J. Mendes da Cunha Saraiva.—*A Índia e o ciclo da Pimenta (IV)*, por J. Lúcio d'Azevedo.—*Das ideias, das almas e dos factos. Através das revistas e dos jornais*,

FOTOGABADO

Si ten intréns en que os seus fotogabados sexan os mais perfeitos posibles, convene envialos aos

Talleres de fotogabado  
ESPASA-CALPE S. A.

Este nome xa é por si unha garantía, pois son os talleres mais modernos e orgaizados para realizar na sua maisima perfección toda crás de fotogabados en cinc, cobre; tricomias, cuatromias, etc... O seu servizo é extra-rápido.

As suas obras son perfeitas. Ríos Rosas, 24-Apartado, 547

MADRID

Imprenta NÓS. Real, 36-1.º, A CRUÑA

# SANATORIO QUIRURGICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na ggorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicíos precisas.—Prauticase toda crás d'operacíos.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Aue-  
xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.  
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, ra-  
quitismo, alopecias, eczemas, etcétera.  
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibdade en  
casos d'urxencia.—Poden colaboraren todol-os compañeiros,  
previo consentemento dos directores.

## BODEGAS GAL EGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE  
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**  
Progreso, esquina a Luís Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**  
De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todol-os establecim-  
ientos do ramo  
Andrés Perille-OURENSE

# F. ROMAN e SACO

## DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS de PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20  
das estacións de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimiento está aberto do 1.<sup>o</sup> de Mayo a 31 de Outubro